

EXPEDIENTE: 4083 / 440

TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR DE OBRAS

SOLICITANTE: Fomento

DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015)

O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade".

RESOLVO:

1. Adjudicar o contrato menor relativo as obras "**Humanización da rúa Rola na marxe dereita**" á mercantil NAROM SL (B36163418), por un importe total de **44.504,76** euros IVE incluído, por ser a oferta economicamente mais vantaxosa das proposicións admitidas.

As obras se executarán con estricta suxeición á memoria valorada e a oferta presentada, sendo o prazo máximo de execución de TRES MESES a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

2. Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo importe de **44.504,76** euros IVE incluído para a realización das obras de "**Humanización da rúa Rola na marxe dereita**", a prol da empresa NAROM SL (B36163418) con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
1532	6190006	16153206	44.504,76	MELLORA DE INFRAESTRUTURA EN PARROQUIAS

3. Nomear como responsable do contrato ao Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, D. Óscar Couce Senra e como director facultativo da obra ao Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D. Julio Carrasco Rodríguez.
4. En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), entendéndose que os expedientes deben de abarca-la totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.
5. Publicar a presente resolución no Perfil do Contratante da páxina web municipal e dar traslado aos licitadores.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2016 15:10

Páxina 1 de 2

Expediente 4083/440

Código de verificación: 22ED4-AAECD-AE4B2-C852B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



6. Contra esta resolución os licitadores poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Concellería no prazo de un mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos a partir do día seguinte ao da recepción da súa notificación.

Non obstante, tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente conforme a dereito.

7. Conceder aos licitadores que non resultaron adxudicatarios o prazo de un mes dende que a presente resolución adquira firmeza para recoller a documentación aportada ao procedemento. Transcorrido este prazo sen que ditos licitadores retiren a documentación aportada, se entenderá que renuncian a ela, e que o Concello queda en liberdade de destruíla, sen necesidade de previo aviso ou comunicación algunha.

OCS/nm

Asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento

